



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 18/12/2008**

### **ASISTENTES:**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE  
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG  
D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE  
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE  
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG  
D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG  
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP  
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.  
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Blanco, grupo PP  
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

### **AUSENTES:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP, que xustificó a súa ausencia.

### **SECRETARIO:**

D. Rafael del Barrio Berbel.

### **INTERVENTORA:**

Mónica Legaspi Diaz.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día dezaioito de decembro de dous mil oito, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/11/2008.**

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 27/11/2008. O non haber observacións enténdese aprobada por unanimidade.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **2º.- COMUNICACIÓNS OFICIAIS. DAR CONTA DA PROPOSTA DE AQUAGEST EN RELACIÓN COA RECEPCIÓN DAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN NA RUA JUAN XXIII.**

Polo Sr. Secretario dase conta do acordo da Xunta de Goberno Local do día 18/12/2008 de aceptación da proposta da empresa “Aquagest, S.A.” en relación coa finalización e recepción da obra da rúa Juan XXIII:

### **“5.1.- Proposta da empresa “Aquagest, S.A.” en relación coa finalización e recepción da obra da rúa Xoán XXIII.**

*Resultando que por acordo plenario extraordinario de data 17/08/1993 adxudicouse a “concesión da xestión do servizo de auga potable e estación depuradora de augas residuais” á mercantil “Aquagest, S.A.”, formalizándose en contrato administrativo de data 30/08/1993.*

*Resultando que por acordo plenario extraordinario de data 23/12/2003 prorrogouse o contrato da “xestión do servizo de auga potable e estación depuradora de augas residuais de Chantada” por 10 anos mais, formalizándose en contrato administrativo de data 23/01/2004.*

*Resultando que por acordo plenario de data 4/09/2006 modificouse o contrato de “concesión da xestión do servizo de auga potable e estación depuradora de residuais” nos seguintes termos:*

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación do contrato de concesión da xestión do servizo de auga potable e estación depuradora de augas residuais, nos seguintes termos:*

*- Encárgase a Aquagest, S.A., a realización das obras de reurbanización e renovación dos servizos da Avda Juan XXIII, segundo a memoria valorada da Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Paula Salgado Somoza, por un orzamento de 1.196.943 euros; e acéptase a proposta de Aquagest de pór a disposición do Concello 350.000 euros en efectivo, 187.000 euros para facer fronte aos gastos citados e resolver os problemas de tesourería, 163.000 euros de mellora, e un vehículo impulsor para a limpeza da rede de rede de sumidoiros, pluviais e acometidas valorado en 40.000 euros.*

*- A cambio diso, e para reestablecer o equilibrio económico da concesión, se amplía o contrato de concesión en 30 anos mais (ata 50 anos, máximo legal); e acéptanse as propostas de Aquagest de percibir o 3.5 % por comisión de recadación dos lixos, cobrar 3.000 euros/ano pola limpeza da rede de pluviais; e igualar a cota de conservación de acometidas ao resto de cotas da estrutura tarifaria”.*

*Vistos os informes técnicos de datas 27/05/2008 e 17/09/2008 sobre as deficiencias detectadas na execución das obras, redactados polo Aparellador municipal e polo Arquitecto do servizo de urbanismo.*

*Vista a seguinte proposta de D. Afonso Luaces Anca, en nome e representación de “Aquagest, S.A.”, de data 10/12/2008, RE nº 4563, en relación coa finalización e recepción das obras da rúa Juan XXIII de Chantada:*

*I.- Corrixir, por parte de Aquagest S.A., as actuais deficiencias de execución das obras: Levantar e substituír as pezas rotas ou con fisuras (o lousado, os bordos e as levadas).*

*II.- Limpar o pavimento para os peóns do lousado que presenten manchas. Así mesmo, aplicar un tratamento superficial ao pavimento de pedra. Entendendo que na limpeza non sería a nosa responsabilidade as manchas de aceite ou combustibles derivadas do acceso de vehículos.*

*III.-Levantar e substituír as pezas do lousado mal niveladas ou que presentan cellas.*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

IV.-Levantar e substituír as pezas dos bordos con ángulos mal resoltos e/ou xuntas esaxeradas ou mal executadas.

V.-Corrixir o chafrán dos bordos.

VI.-Revisar as xuntas e proceder ao xuntado, da parte que presente deficiencias.

VII.- Solucionar axeitadamente o acordo entre as ramplas para minusválidos e a levada nos pasos de peóns.

VIII.-Levantar e substituír as pezas do lousado no contorno de tapas de instalacións que presentan unha separación de varios centímetros entre estas e o pavimento.

IX.-Corrixir as deficiencias que presenta o firme da calzada e fresar no cruce da Avd. Juan XXIII coa Rúa Luis Soto Lemos e coa Rúa de Pardo Bazán, se fose necesario.

X.- Por parte da empresa "Aquagest", unha vez dado cumprimento a todo o preceptuado nos apartados I a IX e sempre despois de ter sido recibida a obra por parte deste Concello, de acordo coas prescricións legais, procederase á realización das seguintes melloras:

a) Eliminar as escavas e pavimentar con lousa similar a utilizada no resto da obra, cun custe aproximado de 3.500 € (PEC)

b) Instalar 22 xardineiras de 1,10 x 1,10 x 0,80 metros, incluso as árbores por determinar, a terra, o esterco e a primeira rega, cun custe aproximado de 7.000 euros (PEC)

c) Instalar unha varanda de fundición nos ángulos das beirarrúas nos cruzamentos conformados pola rúa Juan XXIII e as rúas transversais, cun custe aproximado de 18.000 euros (PEC)

d) Substituír no ano 2009 os servizos de abastecemento e saneamento (sen reposición de pavimentos) na Travesía Xoán XXIII coa Praza de España, cun custe aproximado de 18.000 euros (PEC)

e) Substituír no ano 2010 os servizos de abastecemento e saneamento (sen reposición de pavimentos) na rúa Tras dos Fornos, cun custe aproximado de 30.000 euros (PEC)

O resumo dos custos para Aquagest de todas as obras reflectidas no presente escrito é de aproximadamente 100.000 euros (PEC), reservándose o Concello de Chantada o dereito a poder mudar o destino dos investimentos relacionados nos apartados b), c), d) e e), cambio de investimento que será determinado por parte da entidade local sempre dentro da cantidade especificada en cada un dos apartados, incluso en metálico.

XI.- Aprobación por parte dese Excmo, Concello da cuota de saneamento de 1,38 €/abonado/mensual (I.V.E. excluído) para o ano 2009. Dita cuota se incrementará no IPC interanual a setembro.

XII.- Durante o ano 2009 procederase por parte de Aquagest á limpeza da rede de pluviais que se determine polo Concello de Chantada, sen custe ningún para este o que supón un custe para Aquagest de 3.000 € (I.V.E. excluído). Este servizo porase en funcionamento por parte da empresa adxudicataria a partir do ano 2010 co prezo determinado no párrafo 2º do Apartado 3º do contrato asinado con data do 18 de setembro de 2006.

XIII.- O custe da pavimentación efectuada con aglomerado en quente na Rúa Avelino Gómez Ledo, xa executada, será asumido por parte da empresa Aquagest, cun custe aproximado de 16.000 euros (PEC".)

Visto o informe do Aparellador municipal do día 18/12/2008.

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da Lei 7/85, do 2 de abril (LBRL), 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 29 de novembro; e no Decreto da Alcadía de 20/08/2007, de delegación de atribucións ao Xunto de Goberno Local



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA*

*PRIMEIRO.- Aceptar a proposta de da empresa “Aquagest, S.A.” para a finalización e recepción das obras da rúa Juan XXIII de Chantada.*

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo na próxima sesión plenaria e notificalo aos interesados no expediente.”*

### **3º.- APROBACIÓN DO “REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”.**

Polo Sr. Secretario dase conta do dictame favorable da Comisión informativa de Economía, facenda, e réxime interior de data 15/12/2008.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Varela Rodríguez sinala que unha vez repasada a normativa probablemente terán que cambiar o sentido de voto da comisión informativa ou pedirilles que quede sobre a mesa.

O Sr. Novóa Fernández pide que se revise o regulamento e que se presente no próximo Pleno de forma mais adecuada. Sinala que un regulamento de réxime interno ten que ter os apartados que sinala o Anexo I do Decreto 143/2007, e ten que entregarse ás familias no momento do ingreso e estar a disposición do público unha copia do mesmo, polo que non é lóxico que se presente este regulamento tan extenso. Sinala que debería ser moito máis reducido, que a lei sinala só cinco apartados que hai que tocar, aínda que se hai algúns puntos importantes que se tratan neste regulamento e están ben. En canto á lexislación vixente, sinala que aparece a LODE do ano 1985, que foi derogada pola LOGSE, e que agora só queda para o terceiro ciclo de educación primaria, e agora está a LOE. En canto á normalización lingüística, sinalan a Lei de Normalización de 1983 e o Decreto 247/1995 de desenvolvemento da mesma, que foi derogado polo Decreto 124/2007. Tamén sinala o Decreto 1004/91, de 14 de xuño, que tamén corresponde á LODE, e que foi derogado o 11/12/2003, concluíndo que se debería retirar o regulamento e revisalo para adaptalo á lexislación vixente e resumilo en 10 ou en 15 folios que se poida ler por calquera pai, e obviar as cousas que non sexan necesarias incluílas no regulamento, ofrecéndose a botar unha man na elaboración do mesmo.

O Sr. Piñeiro non ve ningún problema en deixalo sobre mesa, sinalando que o regulamento foi consensuado coas traballadoras da escola infantil e coa empresa concesionaria da xestión da gardería. Sinala tamén que hai moitos exemplos deste regulamento noutros concellos como o de San Cibrao das Viñas, Arzua, ou en concellos da Deputación de Pontevedra, que vén regular os mesmos aspectos, obxectivos, dereitos e deberes, etc., concluíndo que non ten ningún problema en retiralo e seguir traballándoo.

Finalizado o debate, o Pleno da Corporación decide deixar o asunto sobre a mesa para un próximo Pleno.

### **4º.- MODIFICACIÓN DAS “ORDENANZAS FISCAIS DA TASA POLA REDE DE SUMIDOIRO E POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE”.**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Resultando que por Resolución de Alcaldía de data 10/12/2008 iniciouse o correspondente expediente para a modificación das ordenanzas fiscais da tasa polo servizo municipal de subministración de auga potable e da tasa da rede de sumidoiros, para axustar as tarifas o



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

incremento anual do IPC e ó acordo plenario do día 4/09/2006, de modificación do contrato de concesión da gestión do servizo de agua potable.

Vistas as Ordenanzas fiscais das taxas da rede de sumidoiro e de subministro de agua.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do día 6/03/2008 de actualización das tarifas de subministración de agua e rede de sumidoiros segundo o incremento do IPC:

REDE DE SUMIDOIROS	AÑO 2008
Cota de Subscritor mensual	1.24€
Cota Conservación Saneamento mensual	0.41€
Os primeiros 30 m3 cada dous meses	0.231983€/m3
Consumos de 30 a 60 m3 cada dous meses	0.568877€/m3
Consumos de 60 m3 en adiante	0.830851€/m3
SUBMINISTRACION DE AGUA	AÑO 2008
Cota de Subscritor mensual	1.24€
Cota Conservación abastecementos mensual	1.24€
Os primeiros 30 m3 cada dous meses	0.231983€/m3
Consumos de 30 a 60 m3 cada dous meses	0.568877€/m3
Consumos de 60 m3 en adiante	0.830851€/m3

Visto o informe do Secretario municipal de data 11/12/2008.

Visto o informe/estudo técnico-económico da Interventora municipal de data 15/12/2008.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Economía, facenda, e réxime interior de data 15/12/2008.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación das tarifas do artigo 5.2 da "Ordenanza fiscal nº 10 da Tasa polo Rede de sumidoiros", no seguinte sentido:

Concepto	Año 2009
Cota de Subscritor mensual	1.30€
Cota Conservación Saneamento mensual	1.38€
Os primeiros 30 m3 cada dous meses	0.242422€/m3
Consumos de 30 a 60 m3 cada dous meses	0.594476€/m3
Consumos de 60 m3 en adiante	0.868239€/m3



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación das tarifas do artigo 3 da “Ordenanza fiscal nº 12 polo subministro de agua”, no seguinte sentido:

Concepto	Ano 2009
Cota de Subscritor mensual	1.30€
Cota Conservación abastecementos mensual	1.30€
Os primeiros 30 m3 cada dous meses	0.242422€/m3
Consumos de 30 a 60 m3 cada dous meses	0.594476€/m3
Consumos de 60 m3 en adiante	0.868239€/m3

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e dar audiencia aos interesados por un prazo de 30 días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a Ordenanza considerarase definitivamente aprobada.

TERCEIRO.- Remitir o expediente completo á “Comisión de Prezos de Galicia” para a preceptiva autorización das tarifas propostas.

## 5º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

Non houbo.

## 6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

1. Sr. Dieguez Carballo: Como se está facendo co aceite para reciclar?. Hai veciños interesados en por colectores.

- Sr. Alcalde: Via punto limpo, se están a ver sistemas de recollida.

E sendo, as vinte horas e trinta minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 18 de decembro de 2008

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel